



## FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO



## X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 22 de xuño do 2017 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 16 de xuño do 2017 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

### Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.243	64
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.361	3.663
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	52.696	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.234	240
Fundación Galicia Europa	751	10
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.029	
Fundación Semana Verde de Galicia	2.007	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	709	
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.097	100
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	200	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	549	
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.363	65
Instituto Feiral de A Coruña	399	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.967	695
Fundación Rof Codina	1.673	25
Fundación Deporte Galego	3.428	20
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.667	
Fundación Galega Formación para o Traballo	464	64
Fundación Camilo José Cela	282	
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	200	3
<b>Total</b>	<b>87.319</b>	<b>4.949</b>

(Miles de Euros)